

galicia


bosques de galicia



XUNTA DE GALICIA

Contidos

-  07 | SOUTO DA RETORTA: O BOSQUE DE XIGANTES
-  11 | FRAGAS DO EUME: O ÚLTIMO BOSQUE ATLÁNTICO
-  15 | FRAGA DAS BARBUDAS: PAZ ENTRE FERVENZAS
-  19 | FRAGA DA MARRONDA: O BOSQUE ANCESTRAL
-  23 | BOSQUE DA FERVENZA: FLOTANDO SOBRE O RÍO MIÑO
-  27 | CRUZUL E AGÜEIRA: BOSQUES ENFEITIZADOS
-  31 | OS ANCARES: A CASA DO OSO, DO LOBO E DA PITA DO MONTE
-  35 | DEVESA DA ROGUEIRA: O BOSQUE MÁIS FERMOZO
-  39 | SANTA CRISTINA DE RIBAS DE SIL: O BOSQUE BENEDITINO
-  43 | SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL: O BOSQUE QUE REZA
-  47 | BIDUEIRAL DE MONTEDERAMO: TRAS AS PEGADAS DO “LOBISHOME”
-  51 | REBOLEIRAS DO NAVEA: O BOSQUE PROFUNDO
-  55 | SOUTO DE ROZABALES: A MENSAXE DAS ÁRBORES
-  59 | TEIXADAL DE CASAIO: O BOSQUE INMORTAL
-  63 | O XURÉS: OS BOSQUES DA FRONTEIRA
-  67 | CORTEGADA: A ILLA DOS LOUREIROS
-  71 | FRAGA DE CATASÓS: UN PASEO ALFOMBRADO DE FOLLAXE



só recomendable acompañado de guía experimentado



xente con experiencia, que sabe manexar mapas e sabe orientarse



sendeiristas ocasionais



todos os públicos





BOSQUES DE GALICIA

Galicia é verde.

Desde o nivel do mar ata as súas máis altas montañas, que chegan a superar os 2.000 metros, Galicia ofrece unha gran diversidade de hábitats naturais.

O seu clima cálido unido a unha xenerosa chuvia permite que as paisaxes luzan un permanente tapiz verde. No mosaico de prados, ríos e montañas destacan os nosos maravillosos bosques.

Illas que agochan un sorprendente bosque de loureiros, carballeiras que flotan sobre o río Miño, bidueirais nos que se refuxiaba o home lobo, aciñeirais que foxen das devesas mediterráneas e se cobren de mofos atlánticos, os faiais máis occidentais da cornixa cantábrica, o bosque de teixos máis grande de Europa...

Galicia é misterio.

E para internarse nos seus misterios convidámoslos a descubrir os bosques máis insólitos e as lendas e mitos que os rodean. Os druídas celtas, os ríos encantados, a Ribeira Sacra, o avó dos eucaliptos, os castiñeiros máis altos de Europa...


Galicia é natureza.

E así a queremos conservar, unha natureza protexida. O parque nacional das Illas Atlánticas, o parque natural das Fragas do Eume, os Monumentos Naturais do Souto da Retorta, o de Rozabales ou a Fraga de Catasós, a Paisaxe Protexida do río Navea, a Rede Europea Natura 2000...

Eliximos os mellores itinerarios e as máis frondosas masas boscosas de Galicia. E aquí amosámosllas.

Para non perder Galicia..., para non perderse en Galicia.

Bosques de Galicia



Autoestrada / Autovía	
Rede de alta capacidade	
Outras	





SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL | 10



BIDUEIRAL DE MONTEDERRAMO | 11



REBOLEIRAS DO NAVEA | 12



SOUTO DE ROZABALES | 13



TEIXADAL DE CASAIO | 14



O XURÉS | 15



CORTEGADA | 16




FRAGA DE CATASÓS | 17

Gárdasme o segredo?



SOUTO DA RETORTA

Gárdasme o segredo?



Souto da Retorta: o bosque de xigantes


No s. XIX chegou o eucalipto a Europa, concretamente a Galicia, cando un relixioso galego trouxo as súas sementes dende as afastadas terras australianas onde fora misioneiro. E esta especie adaptouse tan ben ao noso clima que se foi estendendo masivamente pola nosa xeografía.

No souto de Retorta, tamén coñecido como eucaliptal de Chavín, preto da vila de Viveiro, encóntranse algúns dos exemplares de maior altura e envergadura do continente, como o famoso “O Avó”, plantado cara a 1880, con máis de 67 m de altura e 10,5 m de perímetro. No noso paseo por este bosque de xigantes poderemos admirar as colosais dimensións destes eucaliptos “avós” e xogar a abrazar os seus madeiros formando unha cadea de brazos unidos.



MAPA DE RUTA

COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Calvoso (Viveiro)


X=613979 Y=4830057

Distancia (aprox.): 2 km ida e volta

Duración estimada: 1 h

Perfil: 

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Todo está preparado para facer máis sinxela a visita a este Monumento Natural, Souto da Retorta ou Eucaliptal de Chavín. Trátase dun sinxelo paseo que serpea entre o río Landro e a canle de desaugadoiro da presa situada augas arriba. En apenas un quilómetro de sinxelo camiñar

coñeceredes os “avós” de todos os eucaliptos que hoxe se expanden pola franxa costeira de Galicia. O itinerario comeza no lugar de Calvoso e finaliza onde se encontra o eucalipto máis grande, o denominado “O Avó”. O regreso faise seguindo o mesmo sendeiro en sentido contrario.





FRAGAS DO EUME

Gárdasme o segredo?



Fragas do Eume: o último bosque atlántico

Encaixado e agochado nun profundo val, o río Eume corre animoso cando as súas augas se ven libres das ataduras da presa. No encoro reflíctese o mosaico de cores dos grandes bosques que o rodean. Intúese a súa forza contida, coma se o río se dese un respiro antes de saltar polas paredes abruptas do canón.

O gran bosque atlántico de Galicia, as Fragas do Eume, agocha nas súas entrañas árbores maravillosas, mofos e liques, fauna salvaxe, muiños que cos murmurios constantes da auga enchen de maxia os sentidos do visitante. No medio do bosque xorde a figura do antigo mosteiro de Caaveiro. Entre estes muros viviron os monxes, oraron e traballaron as terras en perfecta harmonía coa natureza.


Hoxe en día, as Fragas do Eume ofrecen unha rede de sendeiros que facilitan a viaxe cara ao corazón do bosque, un corazón verde no que poderás perderte entre acivros, érbedos, carballos e castiñeiros centenarios. Cubertos polas follas xigantes de fentos primitivos quizais se agochen os trasnos que encantan este espazo.

Unha paleta de cores levaranos desde os amarelos outonais ata o paraugas verde que forman as follas que amortecen a calor das tardes de primavera e verán.



MAPA DE RUTA

COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL


Punto de inicio: A Pila da Leña (Monfero)
 X=580895 Y=4800591

Distancia (aprox.): 8 km

Duración estimada: 3 h

Perfil:

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Para comezar, propoñémosvos un dos seus sendeiros máis fermosos: Os Cerqueiros. A senda dos Cerqueiros é moi fácil, non ten perda, e ademais permitiravos coñecer a inmensa vexetación deste Parque Natural. Para atopar o punto de inicio teredes que achegarvos ata o mosteiro de Monfero e tomar dirección cara á Visura. Unha vez alí, colleredes camiño cara á Pila da Leña ata atoparvos cuns paneis de información que vos darán a benvida oficial aos Cumios de Sanguineo e á nosa senda dos Cerqueiros. Esta senda empeza e remata entre piñeiros, atravesa unha fraga intensa e profunda e asómase ao monte baixo. Por se fose pouco, brindaravos a oportunidade de achegarvos ás beiras do encoro ou de visitar antigos poboados hoxe abandonados, coa súa mensaxe sobre a tradicional vida destas terras. Atentos! Percorreredes paisaxes onde mora o lobo, esquivo e prudente na súa relación cos humanos.

Empezaredes baixando entre piñeiros e prados. Axiña, á vosa esquerda, veredes como nacen o val e a fraga de Teixeira que decontado gañan profundidade, agochando nas súas entrañas

árbores maravillosas, fauna salvaxe, muíños, mofos, liques e a luz máxica das fragas silvestres. Todo este tesouro está protexido pola ausencia de camiños e polas fortes pendentes do val. A senda deste treito aínda está aberta a grandes vistas, competindo co misterio que se albisca no val que se afunde á vosa esquerda. Ao fondo deste escenario natural atoparedes o pico Fontardiñón.

Seguiredes o camiño ata chegar a unha curva de 90 graos á vosa dereita, onde teredes que tomar unha decisión: continuar a senda dos Cerqueiros ou aventurarvos por un amplo sendeiro que vos levará ata o encoro, regalándovos unha incursión naquel bosque misterioso que se observaba desde o inicio da ruta.

De novo na senda principal, retomaredes o camiño que se internará nunha fraga que vos ofrecerá distintas propostas de desvío, curtas pero moi interesantes; así que se ides con tempo, non o perdades!

A ruta levaravos de novo á pista asfaltada, pola que chegaredes en poucos minutos ao punto de inicio da ruta.



FRAGA DAS BARBUDAS

Gárdasme o segredo?




Fraga das Barbudas: paz entre fervezas

Hai paz no ruxido do río. As augas corren e saltan entre as rochas e enchen coa súa voz o val e o bosque.

O río Cambás traza unha liña profunda e crebada a través da Fraga das Barbudas. Numerosas fervezas multiplican a súa voz. Unha paisaxe de pendentes e de grandes árbores, que tan pronto filtran os raios do sol sobre un prado como agochan sombrizos recantos nos que campan os mofos e os liques.

Cabras, raposos, corzos e xabarís son testemuños desta intensa relación entre o río e o bosque. Augas abaixo espéranos o río Mandeo, e con el a frondosidade doutros bosques que o acompañarán no seu camiño cara ao mar.

MAPA DE RUTA



COMO CHEGAR?

INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Ponte do Reboredo (Aranga)

X=580641 Y=4786459


Distancia (aprox.): 8 km ida e volta

Duración estimada: 4 h

Perfil:



PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

O percorrido que vos propoñemos segue o curso do río Cambás desde a súa desembocadura no río Mandeo. Como forma parte da rede de Sendeiros do Mandeo, está sinalizado así que a gozar da natureza! Podedes deixar o vehículo preto de ponte Aranga, quedando o río á vosa dereita, ata atopar o punto de inicio da ruta na ponte do Reboredo.

No primeiro tramo, o camiño remonta a canle do río entre fragas e rápidos, muíños e prados, ata alcanzar a minicentral eléctrica de Barreiros. Desde esta o sendeiro ás veces complicase, pero non vos preocupedes, atoparedes pasarelas e pasamáns que vos axudarán a continuar facilmente.

Ao chegar á confluencia co río da Palanca, o camiño segue a súa canle entre fervezas. De novo, unha minicentral será o seguinte fito do camiño. Trátase dunha instalación antiga e abandonada, que no seu día abastecía de electricidade as aldeas das proximidades. Espectacular o traballo realizado nas escarpadas abas para facilitarlles o acceso ás persoas encargadas cada tarde de baixaren a “prender a luz”. Remontaredes a forte pendente usando os chanzos que aínda sobreviven da antiga escaleira e chegaredes á parte alta do val. Nesta

zona o arboredo é impresionante. As fervezas sucédense, cada cal máis fermosa, culminando nunha secuencia de tres saltos de auga que ben poden acadar os 20 metros de altura. Non vos van deixar indiferentes!

A ruta brindaravos a ocasión de saír do val para ir cara á aldea do Couce. Pouco antes do lugar, entre prados e campos de labor, paga a pena deterse a contemplar a masa forestal que acabades de percorrer, seguro que un sorriso vos acompañará nese momento. Coa satisfacción polo maravilloso contorno que acabades de descubrir, é o momento de dar a volta cara ao punto de inicio.

Na confluencia do río da Palanca co Cambás, poderedes ver sinais e carteis que indican a antiga ruta que remontaba por el cara á ferveza de Castro Rodicio.

Un derrubamento de terreo impide seguir o camiño aínda que é posible remontar pola canle, se non baixa máis auga do normal, e buscar as trazas do sendeiro xa perdido. Pero xa estamos falando dunha ruta non marcada e con certos riscos. Antes de afrontala, todos debemos asegurarnos de que as nosas forzas e os nosos coñecementos técnicos sexan os adecuados.





FRAGA DA MARRONDA

Gárdasme o segredo?




Fraga da Marronda: o bosque ancestral

Nas altas terras do concello de Baleira, na provincia de Lugo, atoparedes un bosque excepcional onde medran as faias máis occidentais de Europa. A metamorfose das estacións levaranos dos dourados do outono á nudez invernal, dando paso á primavera que colorea de verde a luz que chega ao interior do bosque.


O ser humano adaptouse a este medio montañoso e boscoso fundíndose con el e así, seguindo o curso dun sendeiro sinalizado, descubriremos as súas pegadas en forma de pontes, muíños, hórreos e outras construcións. Os nosos pasos levarannos cara ao nacemento do río Eo, que se abre camiño cara ao Cantábrico a través das montañas e deste bosque centenario. A luz e a color, sempre cambiantes, pedirannos que volvamos percorrelo e descubriilo con novas miradas.


MAPA DE RUTA

COMO CHEGAR?



PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

A Fraga da Marronda é coñecida por ser o berce do río Eo. Conta cun itinerario perfectamente marcado, que na súa primeira metade vos introducirá nun bosque de galería colosal, que se organiza en torno ao río e aos seus afluentes.

A nosa proposta de ruta para coñecer a fraga comeza na área recreativa da Cortevella. Para chegar ata ela, no Cádavo-Baleira tomaredes a estrada que leva a Meira. De camiño atoparedes Fonteó, onde paga a pena deterse a coñecer o nacemento do río Eo, ao bordo mesmo da estrada. Desde Fonteó debedes continuar ata A Muíña onde atoparedes un desvío á vosa dereita en dirección a Martín, por unha estrada espectacular entre bosques salpicados de pequenos núcleos de poboación. Ao pasar Martín, atentos ao desvío á dereita, debidamente sinalizado cara á Cortevella. A nosa proposta forma parte da ruta homologada PR-G 145 que vos indicará o traxecto que cómpre

seguir río arriba. Todas as árbores típicas das fragas están na Marronda: carballos, bidueiros, castiñeiros, cancreixos, acivros ou abeleiras e destacan as faias, que lle outorgan unha notable personalidade a esta paisaxe boscosa.

No medio do bosque abundan sinais da presenza humana: ademais das casas e dos hórreos abandonados na zona da Cabreira, atoparedes pontes, sequeiros e algún que outro muíño lembrándovos que estes camiños foron feitos por xente que traballaba a fraga como parte da súa forma de vida. Ao voso encontro sairá tamén a capela da Pastora e a ponte de San Paio. Propoñémosvos este lugar para dar a volta e regresar ao punto de partida, aínda que se vos sentides animados, con forzas e ganas de continuar descubriendo as fermosas paisaxes desta zona, sempre vos quedará a opción de completar o PR-G 145.



BOSQUE DA FERVENZA

Gárdasme o segredo?



Bosque da Fervenza: flotando sobre o río Miño


O centenario bosque da Fervenza é un bosque autóctono que o río anega periodicamente. É entón cando carballos de máis de 300 anos e ameneiros monumentais nadan na corrente, refrescando as súas raíces. As súas lagoas, pozas e illas fluviais decoran unha paisaxe moi singular.

O bosque da Fervenza sitúase no curso alto do río Miño dentro dunha área calificada coma “Reserva da Biosfera”. Trátase dun dos máis importantes bosques de inundación que quedan na península ibérica, nun bo estado de conservación, nos que predominan ameneiros, carballos, freixos e salgueiros.


As augas do río parece que ferven e que se embravecen nos rápidos e nas presas que as conducen a un muíño. Así o dicimos en galego, é o bosque da fervenza.

MAPA DE RUTA


COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio:
 Casa rural A Ferverza (O Corgo)
 X=620861 Y=4749716
Distancia (aprox.): 3,5 km
Duración estimada: 2 h 30 min
Perfil: 

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Varias veces ao ano, o río e o bosque fúndense cando as augas do río Miño o inundan, formando parte dun ecosistema único moi próximo á cidade de Lugo. Os 15 km que separan A Fervenza da capital provincial percórrense doadamente por unha pista sen apenas pendente, que discorre entre bosques de ribeira, muíños, illas e paisaxes rurais.

Para aqueles que queren descansar e continuar o seu percorrido ao día seguinte, hai opcións na zona para aloxarse e recuperar forzas.

Varios camiños sucun o bosque da Fervenza para ir ao encontro dos carballos centenarios que afunden as súas raíces nas pozas que se forman cando o Miño se retira, ou que parecen xurdir das profundidades da terra cando o sotobosque está cuberto polas súas augas crecidas. Porque cada período do ano será unha experiencia diferente neste espazo natural tan cambiante, único.

O itinerario proposto para esta visita é unha ruta de ida e volta ao longo duns 2 km pola ribeira do río Miño.



CRUZUL E AGÜEIRA

Gárdasme o segredo?



Cruzul e Agüeira: bosques enfeitizados

Na cara leste, as aciñeiras de Cruzul. Na oeste, os soutos de Agüeira. Unha viaxe pola historia natural de Galicia.

No corazón da Galicia húmida unha aciñeira é unha rareza. Pero existe. O aciñeiral de Cruzul é diferente. Abigarrado, apertado, no seu interior as árbores non nos deixan ver o bosque. Mofos e liques decoran os seus troncos para que non esquezamos que estamos en Galicia. Nin devesa, nin porco ibérico. Aquí atoparemos mouchos, curuxas, sapos e bruxas. Cruzul é un bosque enfeitizado.


En terras de castiñeiros hai lendas que falan do poder sandador destas grandes árbores. Remedios para a gota ou para a reuma. Para a tristeza. Para a dor de barriga. E para erguer o ánimo, o pole de castiñeiro, vigorizante excelso.

Durante moitos anos os soutos serviron para salvar da fame a xente do lugar. E estas paisaxes así nolo contan. Hai sendas e camiños que nos conducen polo bosque para recoller as súas castañas e troncos labrados por anos e anos de podas.

E onde non chega o home xorden castiñeiros altos e rectos que buscan a luz na sombría pendente. Fillos do bosque os máis esveltos, socios dos homes os máis anchos e traballados.

MAPA DE RUTAS

COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

ACIÑEIRAL DE CRUZUL

Punto de inicio: Morcelle (Becerreá)

X:652677, Y:4744886

Distancia (aprox.): 2 km ida e volta

Duración estimada: 1 h

Perfil:

SOUTO DE AGÜEIRA

Punto de inicio: Cormes (Becerreá)


X:653284, Y:4742549

Distancia (aprox.): 3 km ida e volta


Duración estimada: 2 h

Perfil:

PERFÍS DE RUTAS



ACIÑEIRAL DE CRUZUL



SOUTO DE AGÜEIRA



DESCRICIÓN DAS RUTAS

Antes de comezar, tendes que saber que non existen rutas sinalizadas para coñecer estes dous espazos, polo que debedes prestarlle especial atención ao mapa e ás indicacións. Ademais, nalgúns puntos teredes que decidir ata onde vos queredes internar no bosque, así que vos recomendamos ser moi prudentes e gozar tranquilamente da beleza e da singularidade do contorno. Deseñamos estas rutas para acceder aos bosques de modo sinxelo, pero se quedades con ganas de profundar máis, non esquezades que existe unha atractiva oferta de paquetes turísticos para coñecerlos da man de expertos guías da natureza.

Unha das mellores formas de coñecer o Aciñeiral de Cruzul é seguindo un sendeiro que comeza pouco antes da aldea de Morcelle, a poucos quilómetros de Becerreá. Atentos! A vosa pista para identificar o punto de inicio desta ruta será un cartel que indica a entrada a unha mina. Aí poderedes deixar o voso vehículo para internarvos

no Aciñeiral de Cruzul. Seguir o mapa é sinxelo, e o camiño de descenso e o acceso ao bosque seravos fácil de identificar. Propoñémosvos unha viaxe de ida e volta.

Cando esteades no centro do aciñeiral, tede en conta que atoparedes terreos irregulares con abas pendentes, ademais de liques escorregadizos que vos poden dar algún que outro susto.

Para completar a vosa experiencia, tras Cruzul agárdavos o Souto de Agüeira. O sendeiro que vos levará a el atoparédelo na coqueta aldea de Cormes, continuando a mesma estrada desde Morcelle. En Cormes, comeza unha ruta que ascende de forma continuada ata o lugar da Ferrería. O bosque de castiñeiros ofreceravos unhas fermosas estampas de cor e privilexiadas vistas sobre o val. Podedes aproveitar para visitar a ermida de Santo Estevo e a Casa Boado. Desta volta tomaredes como referencia a fonte máis baixa, onde veredes un sinal que indica o camiño cara á Ferrería, atravesando o corazón do souto.



OS ANCARES

Gárdasme o segredo?




Os Ancares: a casa do oso, do lobo e da pita do monte

Non é doado atopar un oso cando paseamos polos Ancares, pero tampouco imposible. Segundo a Fundación Oso Pardo, este plantígrado regresou no s. XXI a esta cordilleira lucense e séntese a gusto nos seus bosques. Pero nestas terras montañosas tamén hai outros habitantes emblemáticos como o lobo e a pita do monte.

Nos Ancares atoparemos fermosas paisaxes de montaña e unha natureza xenerosa pero, ao mesmo tempo, agreste e de duros invernos de neve. Nalgunhas poboacións aínda se conservan construcións prerromanas –as pallozas– que se mantiveron habitadas ata hai poucos anos.

En todos os recantos dos seus bosques descubriremos a maxia da natureza: a do gran carballo oco que florece cada ano ou a do acivro que no inverno salpica de vermello a neve.

MAPA DE RUTA



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Degrada (Cervantes)

X=670014 Y=4743129

Distancia (aprox.): 17,63 km


Duración estimada: 5 h 30 min

Perfil:

COMO CHEGAR?



PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Aínda que son moitos os bosques que visten os Ancares de cores, nesta ocasión, propoñémosvos empezar a percorrelas coñecendo un deles: Cabana Vella. A ilusión por percorrer os Ancares a través desta ruta de sendeirismo levaravos a unha pequena aldea chamada Degrada, no concello de Cervantes. Detrás do emblemático albergue do Club Ancares atoparedes o Centro de Interpretación da Natureza, un bo punto de partida onde poderedes recoller información sobre a xornada que vos espera.

Desde alí iniciaredes unha ruta con categoría de viaxe: imos á época na que os bosques eran lugares cheos de maxia e misterio, porque o bosque de Cabana Vella ábrenos unha fiestra a aqueles tempos.

A ruta non está sinalizada pero non vos preocupedes!, é fácil orientarse se as condicións meteorolóxicas son favorables. Tomade a pista que ascende suavemente desde a parte de abaixo do aparcadoiro do Club Ancares. Axiña habedes atopar unha bifurcación e teredes que continuar o voso camiño cara á esquerda, en dirección ao pico de Tres Bispos. A uns 5,5 km desde o punto de inicio, alcanzaremos a campa dese monte. Neste punto, a pista termina para dar lugar a un sendeiro estreito que se introducirá valentemente polo

espeso bosque que veredes á vosa dereita. Pero atención aventureiros! porque os máis atrevidos teredes a oportunidade de desviarvos unha hora da ruta para ascender ao cume do popular pico de Tres Bispos. Realizaredes unha travesía máis longa e un pouquiño máis dura, pero de seguro que o esforzo pagará a pena xa que gozaredes dunhas magníficas vistas.

De novo na campa, a senda que teredes que atopar á vosa dereita –sentido de subida– pode ser o punto máis complicado da ruta xa que é posible que non a vexades ben, tanto se neva como se vos coincide coa exuberante vexetación da primavera. Así que atención ao mapa! Unha vez orientados, a senda segue entre arboredo, desembocando na golada de Vara. Alí deixades a senda natural para comezar de novo unha pista, que tomaredes en dirección dereita segundo o voso sentido de marcha e que, atravesando por fin o máxico bosque de Cabana Vella, vos vai conducir ata o punto de partida.

Paga a pena andar amodo, con todos os sentidos prestos para captar as sensacións que vos regala o bosque. Quen sabe, talvez poidades escoitar a voz da pita do monte nos seus cantadeiros, tratando de seducir a femia ou o ouveo do lobo congregando a súa manda.



DEVESA DA ROGUEIRA

Gárdasme o segredo?



Devesa da Rogueira: o bosque máis fermoso


A Serra do Courel é unha gran reserva verde. Nos seus vales e montañas encontraremos a maior diversidade vexetal de Galicia. E é aquí onde se refuxia noso bosque máis fermoso, a Devesa da Rogueira.

Faias mesturados con teixos, carballos, cancereixos, pradairos, castaños..., un paraíso para os botánicos e para os que aman a natureza. Os sendeiros que atravesan este espazo mostrarannos unha acuarela de cores chea de vida que ninguén debería deixar de visitar. Achegarse a este bosque produce fascinación e meigallo. O manto verde que o abriga escala as montañas ata chegar a unha lagoa glaciaria, onde as vistas son espléndidas. Un chanzo máis arriba chegaremos ao pico Formigueiros. Estamos no ceo.

As posibilidades que nos ofrece este gran bosque son infinitas; a nosa experiencia, única.

MAPA DE RUTA

COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL


Punto de inicio: Alto do Couto
 X=656155 Y=4720025

Distancia (aprox.): 8,8 km ida e volta

Duración estimada: 3 h 15 min

Perfil:

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Propoñémosvos unha das mellores opcións para coñecer este fermoso bosque. Nesta ocasión estades de sorte, porque contades coa aula de natureza de Moreda, en Seoane do Courel. Comprobar planos, situarse, recoller información interesante, son sempre cousas que valoramos cando nos diriximos a descubrir un novo espazo. Aínda que se pode iniciar unha fermosa ruta desde a aula de natureza ata as Fontes do Cervo, propoñémosvos outra alternativa máis sinxela e apta para todos os públicos. Recomendámosvos chegar en coche ata o alto do Couto, que se atopa a 1.311 metros de altitude, na estrada que une Seoane con Visuña. Case do mesmo cumio do porto parte un camiño que se adentra

na devesa. Trátase dun sendeiro case chao no que se alternan miradoiros a todo o val e ao bosque. Descubriredes recantos máxicos atravesados por regos impetuosos e fervenzas. Seguindo o camiño tamén chegardes ata as Fontes do Cervo, pero máis descansados. A partir das fontes atravesaredes a devesa polo único camiño que atoparedes ata o miradoiro de Polín, onde poderedes, unha vez máis, tomar un tempo mentres fitades as maravillosas vistas antes de iniciar a viaxe de volta. A viaxe farásevos curta e ao chegar de novo ao alto do Couto descubrirédesvos pensando en cando volver... Porque O Courel sempre sorprende. Aínda que se visite mil veces.



SANTA CRISTINA DE RIBAS DE SIL

Gárdasme o segredo?




Santa Cristina de Ribas del Sil: o bosque beneditino

Milleiros de castiñeiros tapizan a aba sur do canón do río Sil. Por riba das copas das árbores asoma o campanario dun mosteiro. No aveseado do bosque, as sombras dos troncos confúndennos, e aquí e aló aparécense os monxes. Imaxinación ou realidade? Neste lugar especial, máxico e fermoso, os sentidos engánannos. Estamos na Ribeira Sacra.

A paisaxe constrúese aquí combinando as letras dun alfabeto para iniciados. A súa lectura tráenos palabras que soan a luz, a bosques, a viñedos, a meandros...

Para enchouparnos da súa beleza hai que vir polo menos catro veces ao ano, explorándoo con cada estación. E hai que percorrer con calma o camiño, escoitando a voz do río, o sopro alegre do vento e o discurso histórico que mora en cada unha das pedras do mosteiro.

MAPA DE RUTA



COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Praza do Barquilleiro (Parada de Sil)

X=617963 Y=4693464

Distancia (aprox.): 18,10 km

Duración estimada: 6 h 15 min

Perfil:

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

En Parada de Sil temos unha ruta compendio de todos os encantos da Ribeira Sacra. O sendeiro PR-G 98, perfectamente marcado, con inicio e final na praza do Barquilleiro. Esta praza débelle o seu nome aos numerosos mozos que emigraron de Parada de Sil a Madrid, onde gañaban a vida vendendo barquillos nos seus parques e alamedas. Na praza central da vila, que conta cunha estatua en honor a estes emigrantes, imos situar o punto de inicio desta ruta.

Un panel informativo facilitaravos toda a información relevante para que a vosa experiencia sexa máis completa. A ruta ten forma de “oito”, de modo que

podemos elixir un itinerario completo, duns 18 km, ou dous bucles, un de 8,5 km e duns 10 km o outro. Recomendámosvos o tramo que baixa ata o mosteiro de Santa Cristina, visita inescusable nesta bisbarra.

Completado en calquera dos seus dous bucles, estamos ante un dos mellores sendeiros de pequeno percorrido de Galicia. Ás razóns de beleza, variedade de paisaxes e escenarios históricos e culturais hai que sumarles unha sinalización polo xeral ben mantida, que facilita unha experiencia de encontro cun dos tramos máis emblemáticos dos canóns do río Sil.



SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL

Gárdasme o segredo?




Santo Estevo de Ribas de Sil: o bosque que reza

O río Sil discorre polo fondo dun profundo val, resgardado por un bosque de ribeira no que convive a vexetación mediterránea cos fillos naturais das fragas galegas. Máis arriba, os restos da ermida de San Xoán ofrécennos un enclave de xenerosas vistas. E aínda máis alto, emerxe a figura do mosteiro, insinuándose entre carballos e castiñeiros.

O que foi mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil é hoxe un acolledor Parador de Turismo. Brillantemente restaurado, os seus cuartos foron as celas dos monxes. Abrigado polo espeso bosque, o mosteiro murmúralle os seus segredos á ermida de San Xoán. Escolta en silencio o que din. Ás veces óense aquí palabras e rezos.

MAPA DE RUTA



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Os Peares (A Peroxa)

X=607833 Y=4698065

Distancia (aprox.): 7 km


Duración estimada: 3 h

Perfil:

COMO CHEGAR?



PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

A ruta que vos propoñemos nesta ocasión é circular, polo que poderedes iniciala e rematala en calquera dos puntos polos que pasa. Recomendamos tomar como punto de partida a estrada que desde os Peares leva á central hidráulica de San Pedro e remonta logo o río Sil. Comezaredes por un percorrido duns 6 km, aínda no coche, ata atopar un pequeno aparcadoiro e os paneis informativos da ruta.

O noso camiño comeza xunto ao río, pero que non vos asuste a gran pendente que vos dá a benvida á ruta! O sendeiro ascende cunha brusquidade á que debedes responder con calma, pois pasa logo e deseguida obteredes recompensas moi reconfortantes. Para recobrar o alento, buscade os restos da ermida de San Xoán, e mirade ao voso arredor a beleza da paisaxe.

Deixaredes a ermida atravesando un bosque asombroso que combina belas vistas cunha gran variedade de árbores e vexetación. Atoparedes o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil a

medio camiño da ruta proposta. Ao principio, será unha vista velada polo arboredo, moi suxestiva. A medida que vos vaiades aproximando, as súas formas revelaranse contundentes. Ao chegardes ao Parador, aproveitade para refrescarvos nun ambiente histórico e artístico moi reconfortante.

Tras descubrir os recantos de Santo Estevo, poderedes continuar a vosa experiencia pola parte alta do mosteiro, ascendendo polas escaleiras que hai fronte á entrada principal. Preto deste punto, unha derivación do camiño proporavos coñecer o funcionamento dos sequeiros, as construcións tradicionais empregadas para secar as castañas e facilitar a súa conservación. É un desvío curto e ameno. Paga a pena!

De novo no bosque, seguiredes baixando cara ao río, onde vos recibirá unha pequena fervenza, chea de encanto.

Finalmente, un tramo de pista asfaltada de apenas 2 km devolveravos ao punto de partida do percorrido.



BIDUEIRAL DE MONTEDERRAMO

Gárdasme o segredo?



Bidueiral de Montederramo: tras as pegadas do “lobishome”

Este bosque incrustado na serra de San Mamede, dentro da provincia de Ourense, foi o centro dunha historia que conmocionou a toda España na primeira metade do S. XIX: a do lobishome Manuel Blanco Romasanta.

Segundo a súa lenda, transformábase en lobo devorando neste lugar as súas vítimas. Tan truculento personaxe foi investigado e levado a xuízo. Primeiro condenárono a morte e despois a propia raíña Isabel II conmutoulle a pena. A partir dese momento non se garda información do seu paradiro. A día de hoxe aínda é posible avistar lobos na zona, aínda que ninguén puidese recoñecer neles a Romasanta.


Unha senda circular permitiranos visitar este espléndido arboredo de bidueiros sen dificultade e, por suposto, sen temor a unha aparición perigosa de animais. Internarnos na súa espesura proporcionaranos unha agradable experiencia e poderemos intentar sentir os misterios do seu pasado.

MAPA DE RUTA

COMO CHEGAR?



PERFIL DE RUTA





DESCRIPCIÓN DA RUTA

O acceso ao Bidueiral de Montederramo pode facerse dende diferentes lugares, xa que non existen aínda rutas marcadas oficialmente. Nós propoñemos unha alternativa directa. Aínda así, é preciso que a planifiquedes ben porque se trata dunha ruta longa e non tan sinxela como outras, ao non estar sinalizada. Recomendámosvos que antes de internaros neste bosque visitedes a oficina de turismo de Montederramo, onde vos proporcionarán información de posibles rutas a realizar.

A ruta comeza na aldea da Mogáinza. Dende aquí teredes que seguir uns 6 km por unha pista de terra, só apta para vehículos todoterreo, que vos levará ao punto de inicio da senda circular.

Para completar este percorrido, resultaravos imprescindible o mapa, para evitar perdervos entre a gran cantidade de camiños e devasas que hai por toda a zona. A senda aproxímase aos puntos altos da serra de San Mamede, pero manténdose sempre dentro do bosque. Pasa polas Pereiras, Campo do Cabezo de Lata, Campo da Cruz e Campo da Vermella, dende onde se chega ao punto de partida. Dende aquí de novo quedaravos os 6 km de pista de terra ata A Mogáinza.

Un consello: polas características da ruta, as distancias e a escasa dificultade dos camiños, esta resulta ideal para abordar en bicicleta de montaña. Animádevos!



REBOLEIRAS DO NAVEA

Gárdasme o segredo?




Reboleiras do Navea: o bosque profundo


O río Navea encaixa profundamente entre as montañas. Nas inclinadas abas do val habita un apertado bosque de rebolos. Estas árbores forman parte da familia dos carballos, cos que adoitan convivir. Toda esta paisaxe natural, cicelada pola auga, foi distinguida coa declaración ambiental de Paisaxe Protexida o que nos suxire beleza e nos convida a coñecelo.

Unha senda de fácil percorrido serpea entre carballos, cerqueiros e castiñeiros, na gran fraga de San Xoán de Río. É o bosque de Galicia, o dos druídas celtas. Un bosque ancestral que nos permite unha visita cómoda e sosegada.

MAPA DE RUTA



PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Xunto ás primeiras casas da aldea de Mouruás, en San Xoán de Río, atoparedes o cartel que sinaliza o inicio de ruta e que reza: “A Fraga”. Agárdavos desde aquí un bosque que vive colgado nas inclinadas abas do val do río Navea.

A ruta que propoñemos levaravos en primeiro lugar a San Xoán de Río-Fondevila, atravesando o pequeno núcleo rural de Domecelle. Recomendamos facer unha visita á aula da natureza, un grande apoio para axudarvos a

orientarvos e para ofrecervos máis información sobre a ruta.

Desde aí, internarédesvos no bosque percorrendo zonas nas que se mestura o castiñeiro co carballo ou coas formacións arbóreas que dan nome ao lugar: reboleiras. As vistas cara ao val tamén merecen a vosa atención.

Percorreredes unha ruta de trazado suave que vos facilitará unha aproximación moi suxestiva a un bosque singular.



SOUTO DE ROZABALES

Gárdasme o segredo?



Souto de Rozabales: a mensaxe das árbores


Baixo as ramas do “Castiñeiro de Pumbariños” pasaron xeracións e xeracións de homes. Esta árbore forma parte do catálogo de árbores singulares de Galicia e posiblemente celebren máis de mil aniversarios. Quizais na súa infancia escoitase falar en latín.

Se nos achegamos ao Souto de Rozabales, no municipio ourensán de Manzaneda, encontraremos con castiñeiros varias veces centenarios, como este de Pumbariños, declarado Monumento Natural.

E cando unha árbore ten esta idade paga a pena ser escoitada. Ás veces falaranos de guerras, outras, de amoríos escondidos entre as súas ramas.

Por se non cho contaron, en Galicia o bosque ten voz.

MAPA DE RUTA



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Manzaneda (San Martiño)

X=645583 Y=4685806

Distancia (aprox.): 2,3 km ida e volta


Duración estimada: 1 h 15 min

Perfil: 

COMO CHEGAR?



PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Diferentes camiños pódennos levar ao Souto de Rozabales, pero talvez o mellor é o que parte da vila de Manzaneda xunto á “porta da Vila”. Esta ruta proporcionaravos un par de quilómetros entre castiñeiros centenarios, por camiño de trazado suave. O cartel que indica “Castiñeiro de Pumbariños” e un panel informativo cun esquema da ruta ofreceranvos indicacións sobre o camiño e as súas propostas. Ao principio percorreredes

unha típica corredeira, que une a zona urbana de Manzaneda co seu ámbito rural. Máis adiante desembocará nun bosque de espectaculares castiñeiros.

O máis vello de todos, a árbore senlleira varias veces centenaria, xustifica coa súa presenza a ruta, mesmo a viaxe. Quedaravos a súa imaxe na retina no camiño de regreso ao punto de partida da ruta.



TEIXADAL DE CASAIO

Gárdasme o segredo?




Teixadal de Casaio: o bosque inmortal

O conxunto de teixos máis importante de Europa encóntrase en Galicia. Sagrado, mítico, templo de druídas celtas..., bosque misterioso, bosque máxico. Calquera adxectivo que se aproxime á súa esencia fará voar a nosa imaxinación. A súa visita é unha viaxe ao pasado na busca dun espazo natural primixenio.

Entrar no Teixadal de Casaio é como acceder a un recinto catedralicio da natureza. Entre as ramas fíltrase a luz a xeito de vidreira. Os troncos son os piares que suxeitan as bóvedas que forman as copas das árbores. Neste templo ao aire libre, onde resulta absurdo encerrar os deuses, quizais os druídas celtas oficiaron as súas celebracións.

Situado aos pés das montañas máis altas de Galicia, o Teixadal de Casaio aférrase a unha aba, nun lugar que pola súa inaccesibilidade puido permanecer oculto. Alí segue sobrevivindo dende hai miles de anos.

MAPA DE RUTA



COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Vereda da Surbia - A Cabrita (Carballeda de Valdeorras)


X=685225 Y=4684271

Distancia (aprox.): 9,5 km ida e volta

Duración estimada: 5 h

Perfil:

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

Existen varias alternativas para coñecer o Teixadal de Casaio, aínda que debemos advertir de que o acceso a este bosque ancestral e único non é sinxelo, nin moito menos apto para todos os públicos. Recomendamos que se non sodes expertos en montañismo, en interpretación de mapas e orientación, contactedes cun guía de natureza coñecedor do territorio que vos acompañe durante o traxecto. Os guías non só achegarán seguridade na montaña, senón que compartirán convosco moitas anécdotas e historias sobre as paisaxes que percorreredes.

De todos os camiños que nos levan ao teixadal, propoñémosvos o máis curto que é tamén o menos duro.

O camiño comezarédolo nunha canteira de lousa situada na parte baixa da Cabrita, onde poderedes deixar o voso vehículo. Tede en conta que en inverno é moi probable encontrarvos con neve, o que vos impedirá aproximarnos ata este punto en coche. Dende a canteira, ascenderedes por un sendeiro ben marcado ata a parte máis alta do camiño, onde estaredes a 1.840 metros de altitude.

Unha vez alcanzado o punto máis alto da ruta, descenderedes ata o outeiro do Campo de Valborraz. Un pouco antes, na cota de 1.700 metros, descenderedes durante un camiño de forte pendente ata incorporaros ao que vén da mina de volframio abandonada da Picota. Continuando o camiño, agora máis relaxado e tranquilo, axiña comezaredes a ver os primeiros teixos e acivros,

que nos dan a benvinda ao tesouro oculto. Saberedes que chegastes oficialmente ao Teixadal de Casaio ao atravesar o río Penedo, saltando de pedra en pedra. Tras os primeiros metros, moi pronto, á vosa man dereita encontraredes un dos teixos máis vellos e grandes do bosque. Que sensación! Os centos de anos que leva alí a anciá árbore! Sen ningunha dúbida, unha das máis fieis testemuñas do paso do tempo.

A vosa experiencia continuará no medio de numerosos teixos de todas as formas e tamaños, moitos deles crescendo a partir de grandes ramas pousadas no chan. Acompañan os teixos, acivros, bidueiros, abeleiras, cancereixos, carballos, freixos e pradairos. As súas ramas apenas deixan pasar a luz do sol e a sensación que se experimenta é a de estar no medio dun estraño, antigo e máxico bosque. Non pensedes que virastes tolos se vos parece ver un encanto ou unha fada entre as ramas; se existen, o seu fogar predilecto sería este bosque. Por se fose pouco, a ruta finalizará ao pé dunha ferverza de auga que nos regala o río Penedo ao seu paso polo teixadal.

O camiño de regreso será o mesmo que á ida tendo en conta que, o forte descenso dende o Campo de Valborraz ata o camiño agora converterase nun forte ascenso. Será unha ruta esixente, pero a vosa experiencia de pasear por este bosque acompañaravos sempre, faravos sentir especiais, únicos e moi privilexiados.



Gárdasme o segredo?



O Xurés: os bosques da fronteira


O Parque Natural de Baixa Limia-Serra do Xurés ten bosques que conviven cunha paisaxe granítica de montaña. Das súas abruptas abas descólganse torrentes e fervenzas e aparecen pozas de augas claras nas que é posible bañarse cando aperta a calor. Varios miliarios, unha calzada e as ruínas dunhas termas testemuñan a romanización destas terras. O río Caldo convidanos a relaxarnos nas súas augas termais.

No bosque atoparemos as míticas cabaniñas ou chivanas nas que se refuxiaban os gandeiros de antano. Non é difícil ver aguias reais e voitres remontando as correntes de aire do parque, nin rastrexar a pegada do lobo, ou mesmo sorprenden o escorregadizo gato montés.

O Parque Nacional de Peneda-Gerês e o Parque Natural de Baixa Limia-Serra do Xurés únense nas serras que marcan os límites entre Portugal e Galicia. Este carácter transfronteirizo enriquece aínda máis un espazo natural no que a diversidade cultural e lingüística, unida á variedade de bosques, o murmurio de torrentes e ríos ou os reflexos nas tranquilas augas encoradas nos ofrecerán unha experiencia única.

MAPA DE RUTA

COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Balneario Río Caldo (Lobios)


X=574347 Y=4634782


Distancia (aprox.): 7,5 km

Duración estimada: 3 h 45 min

Perfil: 

PERFIL DE RUTA





DESCRIPCIÓN DA RUTA

Aínda que son múltiples as rutas que permiten coñecer todos os recantos do parque, propoñemos unha sinxela e de gran beleza. Desde o balneario de Lobios, remontaredes o río Caldo a través da calzada romana ata chegar á Corga da Fecha unha ferverza que paga a pena “escalar”; por unha estreita e pendente senda, cuxas belas vistas xustificarán de sobra o esforzo. Durante este traxecto pasaredes por varias pozas naturais cunhas augas dunha cor espectacular, case máxica, que seguramente vos hipnotizará ata que por fin acabades gozando dun bo baño.

Tras as pozas alcanzaredes as alturas do val desde onde poderedes contemplar suxestivas vistas, tanto do río Caldo coma dos cumios máis elevados da escarpada serra.

A baixada desde a Corga da Fecha farédela polo mesmo camiño de subida. E de novo no río Caldo buscaredes para o voso regreso o paseo que discorre de par del ata chegardes de novo ao balneario.

Sobran razóns para vir e permanecer no Xurés: un mundo colgado entre as montañas dunha fronteira aberta a miradas, viaxes e experiencias.



Gárdasme o segredo?



Cortegada: a illa dos loureiros

Quen viu un bosque de loureiros? Pouca xente, moi pouca xente. Porque algo así é excepcional, unha rareza botánica que visitan expertos de todo o mundo.

En Galicia hai unha illa onde o bosque ole a loureiro e a marisco, a máis sabia combinación. Os bancos marisqueiros da ría de Arousa achegan as ameixas, os berberechos, as navallas..., e a illa de Cortegada pon o loureiro necesario para aromatizar tan saborosos produtos do mar.

Árbores centenarias agochan prados e terras que foron cultivadas noutro tempo. Unha ermida que se esborralla, unha aldea fantasma sen habitantes, un cruceiro que o contempla todo. O bosque de loureiros e a illa de Cortegada respiran misterio. Valo perder?

MAPA DE RUTA



COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Centro de recepción de visitantes (Illa Cortegada)


X=517705 Y=4718331

Distancia (aprox.): 2 km

Duración estimada: 1 h

Perfil:

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

A primeira grande experiencia que viviredes no bosque da illa de Cortegada é chegar a ell! Que mellor forma de comezar a exploralo que descubríndoo dende a costa e aproximándose a el lentamente polas tranquilas augas da ría de Arousa. A illa, a ría, o suave balanceo das ondas, a brisa mariña, a cultura mariñeira que se respira polos catro costados, as pequenas vilas pesqueiras asentadas no litoral, os brancos areais que adornan a liña de costa... Todo vos indica que a experiencia será inesquecible.

Ao chegar á illa, fronte ao embarcadoiro, encontraredes o centro de recepción de visitantes que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, onde poderedes recoller máis información de interese sobre a paisaxe na que vos internades.

A illa ofrécenos dúas rutas circulares, moi sinxelas de seguir, que vos darán a coñecer os valores que encerra este tesouro natural. Os dous sendeiros

parten xunto ás ruínas da ermida da Virxe dos Milagres, que foi construída no ano 1652, que atraía numerosos peregrinos polas súas bondades curativas.

A primeira ruta rodea toda a illa, mentres que a segunda faino ata a metade para logo atravesala polo centro. Esta última alternativa é a máis completa, pois ás vistas costeiras que vos regala sumáselles unha visita interior ao bosque de loureiro. Somerxerse nese ambiente é unha experiencia singular. Ademais conduciravos xunto a enormes eucaliptos e ata os restos dunha antiga aldea poboada ata que os habitantes da illa a doaron ao rei Afonso XIII, en 1910.

Unha boa idea é contratar o traslado á illa e a ruta guiada con algunha das empresas locais que prestan estes servizos. Se vos apetece, pódese pactar a viaxe de regreso para a tarde, tras gozar dun día de praia nalgún dos lugares recónditos e tranquilos da illa.



FRAGA DE CATASÓS

Gárdasme o segredo?



Fraga de Catasós: un paseo alfombrado de follaxe

A Fraga de Catasós, nos arredores da vila de Lalín –a medio camiño entre Santiago e Ourense– agocha carballos e castiñeiros centenarios. Cantos coidados e aloumiños para que desen os seus froitos! As castañas serviron de sustento nos longos meses de inverno de antano e coa madeira dos seus estilizados troncos fabricáronse as vigas dos pazos destas terras do Deza.

Protexidos baixo a figura de Monumento Natural, agora medran orgullosos cara ao ceo e pasan por ser dos exemplares máis altos de Europa. Un curto paseo alfombrado de follaxe levaranos a coñecer os cantos íntimos desta fraga, reduto do bosque caducifolio que noutro tempo cubría boa parte da xeografía galega.



MAPA DE RUTA



COMO CHEGAR?



INFORMACIÓN ÚTIL

Punto de inicio: Quintela (Lalín)


X=574271 Y=4721327

Distancia (aprox.): 1,2 km

Duración estimada: 1 h

Perfil:

PERFIL DE RUTA





DESCRICIÓN DA RUTA

O paseo a través da Fraga de Catasós é sinxelo e está moi ben sinalizado. Os diferentes paneis informativos faránvos a visita moito máis enriquecedora, posto que vos achegará información para comprender o interese desta fraga, modesta na súa extensión, pero intensa en

canto á forza e beleza do seu arboredo. Atención aos altos e esveltos carballos e castiñeiros que habitan a fraga! Un paseo curto e sinxelo á vez que espectacular e didáctico, ideal para familias. O inicio da ruta encóntrase no lugar de Catasós, moi preto de Lalín.



ENDEREZOS DE INTERESE

OFICINAS DE TURISMO DA XUNTA DE GALICIA

A CORUÑA

Dársena de la Marina
15001 A CORUÑA
Tel.: 981 22 18 22 · Fax: 981 22 18 22
oficina.turismo.coruna@xunta.es

FERROL

Rúa Magdalena, 12 baixo
15402 - FERROL (A CORUÑA)
Tel.: 981 31 11 79 · Fax: 981 33 71 31
oficina.turismo.ferrol@xunta.es

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa do Vilar, 30-32
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
(A CORUÑA)
Tel.: 981 58 40 81
Fax: 981 56 51 78
ot.santiago@xunta.es

LUGO

Rúa Miño, 10-12
27001 LUGO
Tel.: 982 23 13 61 · Fax: 982 23 13 61
oficina.turismo.lugo@xunta.es

OURENSE

Edif. "Caseta de Legoeiro". Ponte
Romana.
Enlace N-120 con R/Progreso
32003 OURENSE
Tel.: 988 37 20 20 · Fax: 988 21 49 76
oficina.turismo.ourense@xunta.es

PONTEVEDRA

Rúa Marqués de Riestra, 30 baixo,
local A
36005 PONTEVEDRA
Tel.: 986 85 08 14 · Fax: 986 84 81 23
oficina.turismo.pontevedra@xunta.es

VIGO

Av. Cánovas del Castillo, 22
36202 VIGO (PONTEVEDRA)
Tel.: 986 43 05 77 · Fax: 986 43 00 80
oficina.turismo.vigo@xunta.es

MADRID

C/Casado del Alisal, 8 28014 MADRID
Tel.: 91 595 42 14 · Fax: 91 595 42 68
ot.gal.madrid@xunta.es

Info: 902 200 432 | www.turgalicia.es | cir.turgalicia@xunta.es

EDITA: Turgalicia. Estrada Santiago Noia km 3, 15896 Santiago | Tel.: 902 200 432 | Fax: 981 537 588 | cir.turgalicia@xunta.es

COORDINACIÓN: www.valoraconsultores.com

DESEÑO E MAQUETA: Versal Comunicación S.L.

FOTOGRAFÍA: Adolfo Enríquez | Margen Fotografía (T. Viz, A. Suárez) | Archivo Turgalicia | Santiago Bacariza

IMPRIME:

DEPÓSITO LEGAL:

Gárdasme o segredo?

cuñetas, marujas creativas

